



Concello de Moaña

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Ante a situación de pandemia por coronavirus decretada pola OMS e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, o goberno municipal reuniuse cunha representación do comité de empresa para pactar as seguintes medidas preventivas:

MEDIDAS DO CONCELLO DE MOAÑA ANTE A CRISE DO CORONAVIRUS

A evolución do COVID-19 nos últimos días supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades sanitarias estatais e autonómicas. O novo escenario esixe adoptar medidas que permitan garantir a saúde dos traballadores/as e empregados/as públicos para continuar coa prestación dos servizos esenciais e tamén do conxunto da cidadanía na súa relación co Concello. Dispónse a aprobación do seguinte conxunto de medidas, negociado coas delegadas e delegados de prevención do Concello de Moaña, que entrarán en vigor a partir do luns 16 de marzo de 2020 sen prexuízo da súa modificación en función da evolución da situación e as recomendacións ou disposicións que no seu caso se diten polas Autoridades competentes.

Primeira .- Prestación de servizos municipais e actividades.

- Suspéndense os seguintes servizos municipais: Escola de Música Municipal, Escola de Música Tradicional, Biblioteca Municipal, Axencias de lectura de Tirán e Domaio, Aulas de Memoria, Aulas de Ximnasia, loga, Ludoteca, Escola de Familias e Sentir e Pensar.
- Suspéndense todas as actividades nos centros sociais e culturais municipais e nas instalacións deportivas de xestión municipal.
- Suspéndense todos os actos e eventos organizados polo Concello de Moaña.
- A atención ao público será exclusivamente telefónica (986310100) ou telemática en todos os departamentos dependentes do concello. A atención presencial quedará limitada a casos de extrema necesidade e sempre con previa cita solicitada de forma telefónica ou telemática ao Concello de Moaña.
- Para o servizo de Rexistro Xeral do Concello empregárase a Sede Electrónica municipal accesible 24h e só nas casos de urxencia xustificada telefonicamente (986310100) facilitarase unha cita para atención presencial.
- A entrada principal da casa do Concello permanecerá pechada ao público.

Segunda .- Adaptacións de xornada laboral.

- O persoal deberá acudir ao posto de traballo na xornada habitual. Poderase solicitar unha adaptación da xornada mentres duren as presentes medidas, ou teletraballo en función das características do posto e as circunstancias persoais. Para eses efectos cada persoa traballadora deberá presentar a súa solicitude debidamente motivada no departamento de persoal.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: APTDHEMMQYGRSEATXXSZ3W3H1 | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Moaña

Terceira .- Medidas para a mellora da hixiene nos centros de traballo.

- Colocaranse dispensadores de solución hidroalcohólica en todos os centros de traballo.
- Dispónse a colocación de guías explicativas para a correcta hixiene de mans nos aseos dos centros de traballo e nos dispensadores de solución hidroalcohólica.
- Trasladaranse indicacións ao persoal de limpeza do Concello para incrementar a limpeza con produtos desinfectantes, trasladando ao persoal as instrucións recibidas pola Consellería de Sanidade.

Cuarta .- Reunións.

- Evitarase a realización de reunións de traballo, quedando suspendidas as que impliquen desprazamentos fóra da localidade.

Quinta .- Probas selectivas.

- Só se desenvolverán aqueles procesos selectivos que resulten imprescindibles. Debe dispoñerse a súa celebración nunha sala ou local que permita a separación mínima recomendada entre as persoas participantes, así como as medidas de hixiene oportunas.

As presentes medidas serán distribuídas entre o persoal a través do Comité de Persoal e serán publicadas a través da web e sede electrónica do Concello, así como nas redes sociais municipais.

Por todo isto, esta Alcaldía en base ás atribucións legalmente establecidas

RESOLVE

Aprobar as medidas contempladas na presente resolución e dar traslado das mesmas ao persoal municipal, á veciñanza en xeral e a aquelas institucións ás que poidan afectar.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: APTDHEMMQYGRSEATXXZSV3H1M | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2